ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA DE 30 DE XULLO DO 2009.

No salón de sesións da Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 30 de xullo do 2009, comparecen os concelleiros que deseguido se relacionan, para o obxecto de realizar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria do Concello Pleno, para a que foron convocados no tempo e na forma legal.

ASISTENTES: D. Pablo López Barrera, D. Xermán Arias López, Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. María do Carmen García Conde, Dna. Paula Vázquez Núñez, D. José Antonio García López, Dna. Ana María López Vila, Dna. Sara Arias Vázquez, D. Manuel Sangil Iglesias, D. Luís Pardo Fernández, D. Manuel Flores Peña e D. Jaime Íñiguez Martínez

Preside o Sr. alcalde, D. Claudio Melquíades Garrido Martínez.

Asiste e certifica o secretario, D. José Antonio Carro Asorey.

Non asiste, de forma xustificada, a interventora Dna. Aránzazu Sastre Carracedo.

Non asiste o Concelleiro D. Antonio López Rodríguez

Aberto o acto público pola Presidencia, procédese ao exame e estudio dos asuntos incluídos na orde do día, e adóptanse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.

O Sr. Alcalde pregunta ós asistentes se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria celebrada o día 28 de maio do 2009, que se distribuiron coa convocatoria.

Como non se formulou ningunha, o Sr. Alcalde proclama aprobadas, por unanimidade, as actas das citadas sesións, e ordena a súa transcrición ao Libro de Actas, segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA SOBRE BONIFICACIÓN ICIO A DNA. MARÍA DEL PILAR LÓPEZ RODRÍGUEZ, D. JOSÉ LÓPEZ RODRÍGUEZ E D. ANTONIO LÓPEZ RODRÍGUEZ

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá lectura da proposta dictaminada pola Comisión Informativa sobre o informe emitido polo Arquitecto Director da Oficina de Rehabilitación de Sarria, a efectos da bonificación prevista na Ordenanza Reguladora do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras, no que se formula a seguinte relación de obras:

PROMOTOR	IMPORTE P.E.M.
Dna. María del Pilar López Rodríguez, D. José López Rodríguez e D. Antonio López Rodríguez	18.613 €

Aberta a deliberación, non se produciron intervéncións.

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Conceder á indicada obra a bonificación prevista no apartado 3 do artigo 4º da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras.

2º.- A aplicación da bonificación levarase a cabo ó facer a liquidación do imposto correspondente ás obras referenciadas.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA SOBRE A APROBACION DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SARRIA.

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá lectura da proposta dictaminada pola Comisión Informativa sobre o expediente de aprobación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Sarria, considerando o marco regulador establecido na Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola prestación de Servizo de Axuda no Fogar.

Aberta a deliberación, non se produciron intervéncións.

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención dos representantes do grupo municipal do Partido Popular.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SARRIA, quedando o texto de dita ordenanza como segue:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SARRIA.

Artigo 1º.- Concepto.-

De conformidade co previsto no artigo 127, (en relación có Capítulo 6 do Titulo 1 artigos 41 a 47 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola prestación de Servicio de Axuda no Fogar (SAF) no Concello de Sarria.

A prestación do servizo de axuda no fogar realizarase nos termos fixados no regulamento aprobado.

Artigo 2º.- Financiamento do servizo.

O financiamento do servizo de axuda no fogar realizarase con cargo ás achegas do Concello, subvencións doutras administracións públicas e o prezo público que corresponde satisfacer polas persoas usuarias.

Artigo 3º.- Contía da prezo público.

A contía do prezo público virá determinada pola cantidade resultante de aplicar ao custo por hora do servizo dunha tarifa.

O custo por hora do servizo que vén determinado polos gastos derivados da contratación de persoal necesario para a súa prestación (salario + seguridade social), fíxase na cantidade de 12 euros/hora.

A valoración da capacidade económica das persoas destinatarias do servizo, determinará a porcentaxe do custo/hora do servizo que deben satisfacer pola prestación do mesmo.

En función das súas posibilidades económicas establécense dous grupos:

-Exentos de pagamento.

-Pagamento porcentual.

Artigo 4º.- Cálculo da capacidade económica.

a) Para os efectos de este artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte de ela.

b) A capacidade económica das persoas usuarias do SAF calcularese en función á sua renda, e se é o caso, ao seu patrimonio. Teránse en conta, ademáis as persoas conviventes económicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes:

c) A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

d) Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que disminúan o seu valor, e así como das débedas e obrigas persoais das que deba de responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

e) No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

f) A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

g) A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% aos menores de 35 anos.

h) Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

Artigo 5º.- Repercusión do prezo público sobre as persoas usuarias do servizo.

1.-No caso de que a capacidade económica mensual da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao IPREM en vigor quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Para o resto dos supostos deberase respectar a seguinte escala:

a) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 100% e e inferior ou igual ao 150% do IPREM, asumirá o 10% do custo do servizo.

b) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 150% e inferior ou igual ao 200% do IPREM, asumirá o 12% do custo do servizo

c) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 200% e inferior ou igual ao 250% do IPREM, asumirá o 15% do custo do servizo

d) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 250% e inferior ou igual ao 300% do IPREM, asumirá o 20% do custo do servizo

e) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 300% e inferior ou igual ao 350% do IPREM, asumirá o 28% do custo do servizo

f) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 350% e inferior ou igual ao 400% do IPREM, asumirá o 37% do custo do servizo

g) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 400% e inferior ou igual ao 450% do IPREM, asumirá o 45% do custo do servizo

h) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 450% e inferior ou igual ao 500% do IPREM, asumirá o 60% do custo do servizo

i) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 500% do IPREM, asumirán o 65% do custo do servizo

3.- Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais nos casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

Artigo 6º.- Obriga de pagamento do prezo público.

A obriga de pagamento do prezo público regulada nesta ordenanza nace dende que se inicie a prestación do servizo e o seu cobramento realizarase cunha periodicidade mensual.

As liquidacións correspondentes practicaranse mensualmente nos primeiros quince días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria establecera para tal efecto.

As débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidad co disposto na lexislación tributaria, polo procedemento administrativo de constrinximento.

Disposición derrogatoria.

Queda derrogada a ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Sarria, publicada no B.O.P. de Lugo nº 245 de 26 de octubre de 1998.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar entrará en vigor a partir lo día seguinte á súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a data da súa derogación parcial ou total.

2º.- Someter o expediente a información pública e dar audiencia ós interesados, por prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións y suxerencias.

3º.- O Pleno coñecerá as reclamacións que se presenten. As reclamacións presentadas, dentro do prazo, resolveranse por este órgano con carácter definitivo. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional elevarase automáticamente a definitivo.

4º.- O texto da ordenanza será publicado no BOP y non entrará en vigor ata que se publique completamente o texto e transcurra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA SOBRE A APROBACIÓN DO PRESUPOSTO XERAL DO EXERCICIO 2009.

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá conta do expediente tramitado para a aprobación do Presuposto Xeral desta entidade para o ano 2009.

Con forme o artigo 6.j) dos Estatutos da Residencia de Anciáns "Nosa Sra. do Carme" someteuse a formación dos Orzamento á Xunta Rectora na sesión celebrada o día 24 de xullo de 2009

Os orzamentos, igualmente, foron informados pola Mesa Xeral de Negociación conforme o artigo 37 do Estatuto Básico do Empleado Público que tivo lugar o día 22 de xullo de 2009.

Aberta a deliberación, prodúcense as seguintes intervencións:

Toma a palabra a Concelleira Dona Ana María Arias para expoñer os orzamentos deste ano, cando interrumpe o Sr. García para preguntar se non asiste a Sra. Interventora.

Contesta o Sr. Alcalde que debido o seu recente período maternal solicitou autorización para non asistir e o Grupo de Goberno concedeullo; pero de todas formas e debido a que no seu momento houbo unha Comisión Informativa en donde se podían facer tódalas aclaracións necesarias o Sr. Alcalde asume toda a responsabilidade o respecto.

Continúa Dona Ana María Arias donde expón que os orzamentos deste ano ascenden a 9.276.661,49 euros cantidade algo inferior o ano 2008 debido a crise que nos afecta este ano. Houbo un axuste na maioría das partidas respecto o ano anterior excepto na partida de Cultura, Deportes e Turismo; na partida destinada a cultura hai un incremento dedicado a actividades culturais pasando de 50.000 euros a 80.000 euros e tamén en inversións, en deportes tamén se incrementa de 10.000 euros a 53.000 euros con inversións e en turismo incrementouse sobre todo a partida destinada a publicidade.

En canto as inversións hai un presuposto de 960.003,14 euros que se distribúe da seguinte maneira:
Administración Xeral 37.020 euros repartidos en: 12.000 euros para o plan de aforro de combustible na Casa Consistorial, 1.000 euros adquisición de maquinaria, instrumentos e ferramentas, 18.000 euros adquisición de mobiliario, 5.800 euros instalación de portas automáticas na Casa Consistorial, 9.000 adquisición de equipos informáticos e 2.020 euros para adquisición do servizo de aplicacións.

Para ensino temos un total de 46.624 euros repartidos en: 6.624 euros intalación do tanque e caldeira de gas no Colexio Antonio Fernández López de Oural, 6.000 euros adquisición de cadeiras para escolas rurais e 34.000 euros para escolas rurais.

En urbanismo temos un total de 82.761 euros repartidos en: 1.300 euros adquisición do grupo electróxeno, 5.000 euros mobiliario para Capela do Marqués, 65.000 euros para

proxectos de obras e 11.461 euros saneamento do piso da Capela do Marqués.

En prazas, parques e xardíns temos 129.029,62 euros repartidos en: 1.850 euros adquisición de equipos de rego, 600 euros rego automático de Benigno Quiroga, 1.100 euros rego automático da Avenida Becerreá, 300 euros programadores de fontes na Praza Galicia e Praza das Camelias, 125.179,62 euros acondicionamento do parque de Oural dos cales 100.144 son financiados pola Consellería da Presidencia e 25.000 euros aportados polo Concello.

En alumeado temos 15.732 euros repartidos en: 5.000 euros para adquisición de vehículo para alumeados e 10.732 euros para reposición de centraliñas e semáforos de Catro Camiños e a zona da Estación.

Para abastecemento, saneamento e saneamento de auga temos 9.018 euros, repartidos en: 2.000 euros para indemnización e servidume de augas e 7.018 euros para intalación eléctrica para bombeo de auga en Fuentabuin.

Para medio ambiente temos 13.600 euros repartidos en: 11.800 euros para adquisición de grúa, 1.200 euros para contenedores para pilas e 600 euors adquisición de puntos limpos.

En promoción e difusión da cultura dispoñemos de 176.551 euros, repartidos en: 551 euros para controladores de luces e sons na Casa da Cultura, 6.000 euros adquisición de libros para a Biblioteca, 166.000 adaptación do cárcere comarcal (33.200 aportación municipal e o resto financiado pola Diputación) e 4.000 para pintado interior da Casa da Cultura.

En deportes, educación física e esparcemento temos 216.640 euros que son para a adquisición de terreos na zona deportiva do Chanto.

Para estradas, camiños veciñais e vías públicas urbáns temos 233.026 euros repartidos en: 89.474 euros que son de **COS**, 17.242 euros para a modificación da Corga do Convento, 39.762 euros para reposición de beirarúas en Oural, 75.000 euors reposición de pistas, 11.400 euros adquisición de maquinaria destinada a execución do plan de xestión de biomasa.

En canto as subvencións nominativas temos algunhas cun importe igual o anterior e outras increméntanse, o reparto é o seguinte:
FEGAM 15.000 euros, 18.000 euors o Eixo Atlántico, 1.200 euros o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, 25.000 euros a Protección Civil para o mantemento do Servizo de emerxencia as 24 horas, 40.000 euros para a Residencia de Anciáns "Nosa Sra. do Carme", 36.000 euros para Cruz Vermella para atención os anciáns afectados de Alzheimer, 15.000 euros a Asociación Os Choqueiros de Chorente para a construcción do Centro Social en Chorente, 25.000 euros para Asociación en man común de Ortoá para a construcción de centro Social en Ortoá, 9.000 euros Asociación de Comerciantes de Sarria, 36.000 euros Asociación de Gandeiros a Cabana para a Feira de San Isidro e Feira do Cabalo, 11.000 euros para mancomunidade dos Municipios do Camiño

Francés, 135.000 euros Asociación Lume de Sarria, 21.000 euros C. B. Sarria e 3.000 euros o Club Ciclista de Sarria.

Dentro das subvencións non nominativas temos:
Programa de Emerxencia Social 1.200 euros, Promoción Educativa 6.000 euros, Medio Ambiente 3.000 euros, Premio Fiz Vergara Vilariño 6.450 euros, Becas para a escola de música 2.000 euros, Premios de antroido 4.500 euros, Actividades culturais 24.000 euros e Actividades deportivas 25.000 euros.

Intervén o Sr. García para en primeiro lugar facer constar que duas das cuestións máis importantes do Concello de Sarria, o Plan Xeral e o orzamento do 2009, se leven a Pleno a última semana de xullo.
Di que os números son fáciles de analizar e que son moi claros, estos orzamentos igual que os do ano pasado significan duas cousas, que estamos ante un fracaso na inversión pública e que ese fracaso reflíctese nunha falta do control do gasto deste Concello O 80% do gasto vaise no gasto corrente e queda apenas un 10% para inversión; esto sirve para corroborar que os orzamentos que ían ser según o Grupo de Goberno os orzamentos da inversión, piscina climatizada, centro de día e outros tantos, nada de nada, nin existen as obras, nin os proxectos, nin convenios nin a súa plasmación orzamentaria. Afirma que este orzamento é a plasmación do incumprimento das promesas do Grupo de Goberno.
Tamén fai mención a que este Grupo de Goberno, o tripartito, resulta ser o máis caro da historia de Sarrria, o mesmo que a aportación o Eixo Atlántico xa que ninguén, a día de hoxe, sabe decir que beneficios lle reporta a Sarria a aportación do Concello, pero o que si se sabe é que serán cerca de 40.000 euros en dous anos o que este Concello vai aportar o Eixo Atlántico; ou por exemplo a Festa do San Isidro que cando antes se organizaba se gastaba moito e agora que se gastan 36.000 euro lles parece correcto; respecto as Festas Patronais do San Xoán presupostadas hasta agora en 126.000 euros nos presupostos deste ano constan 135.000 euros, cabe supoñer que para empezar a pagar as deudas que o Grupo de Goberno non quere recoñecer, ou o caso da Residencia de Anciáns, que é un paradigma da mala xestión, prodúcense uns incrementos nas cotas mesuais dos residentes sen ter en conta unha Ordenanza Reguladora, eso é ilegal e van a solicitar que esos incrementos se devolvan os Residentes. Queren unha explicación da política económica dos presupostos da Residencia de Anciáns, cal é o motivo de que teñan un presuposto de 40.000 euros cando nos propios presupostos da Residencia constan 30.000 euros e cal é a solución que vai tomar o Concello con respecto a aplicación das subidas nas cotas da mesma.
Por outra banda comenta que desaparece a subvención a Sarriana porque o Concello de Sarria permitiu que esta desaparecese por non asumir o déficit que tiña esta entidade, cando sen embargo, si asumen o déficit das Festas do San Xoán ainda que non o queiran recoñecelo.
Termina, reiterando que estos orzamentos son uns orzamentos continuistas da labor de gasto, de incumprimento reiterado durante dous anos e que a maiores de todo o exposto cabe decir que non hai ningunha partida que teña en conta a todos os perxudicados da aprobación do Plan Xeral, non hai ningunha dotación para dar resposta a estas persoas que van quedar sen licenzas que estaban aprobadas e que agora van quedar paralizadas pola aprobación de dito Plan.

Contesta a concelleira Dona Ana María alegando que respecto a aprobación dos orzamento nestas datas nos é tan estraño, pois cando o Grupo actual de Goberno comenzou o seu mandato en xullo de 2007, tampouco se atopaban os orzamentos aprobados, circunstancia que se ven a repetir fai uns anos.
En canto o gasto en persoal hai 34.000 euros máis respecto o ano anterior, a consecuencia de que hai prazas dobradas, é decir, están presupuestadas as prazas vacantes correspondentes a: 3 auxiliares administrativos, 1 administrativo, 1 policía, 1 aparellador, 1 inxeñeiro agrícola, 1 bibliotecario, 1 praza de mantemento, 1 tractorista, 2 peóns de deporte e 3 auxiliares de matarife; o ano pasado había 3.371.000 euros e este ano 3.718.000 euros.

Retoma a palabra o Sr. García alegando que coma sempre non se contestou a nada e que presupostar despois de gastar parece un pouco estraño.

Intervén o Sr. Alcalde para decir que o Grupo Popular non é o máis indicado para falar de Concellos serios xa que eles non cumpriron nunca o presuposto. Cando fala dun fracaso da inversión pública, debería fixarse máis pois aparece incluída nos presupostos unha obra adxudicada e contratada en decembro por importe de 900.000 euros para a rúa Calvo Sotelo. Falar de que este goberno tripartito é o máis cara da historia demostra o que xa se dixo, que non se fixou, porque vense a ter o mesmo gasto que no goberno anterior, os soldos dos altos cargos está conxelado e no actual goberno cobran dous concelleiros a dedicación exclusiva e tres concelleiros a dedicación parcial.
Cando o Sr. García fala de descontrol do gasto, non se para a pensar que cando él estaba no goberno o primeiro que fixo foi descalificar toda a xestión do goberno anterior, goberno do que él mesmo formaba parte, este goberno tivo recoñecementos extraxudiciais por máis de 800.000 euros, a eso non se lle pode chamar descontrol do gasto eso é recoñecer e pagar.
Respecto o Centro de Día, o Concello cumpriu, integrouse no consorcio e cedeu a parcela da que previamente informa o consorcio para a execución.
No tocante a piscina climatizada, cando nos chegamos o goberno, non había proxecto, estábase pendente da cesión dos terreos e non había convenio porque o grupo de goberno naquel momento non o fixera, e o actual grupo de gogerno non pode chegar en xullo de 2007 a esixir o cumprimento dun convenio cando non existe tal convenio; de todas formas quedan dous anos do Goberno Actual e non debe caber a menor duda que si non hai unha resposta positiva por parte da Xunta de Galica o Concello tomará a iniciativa.
Respecto o Eixo Atlántico cren que para Sarria a cooperación transnacional e beneficiosa pois non queren que Sarria quede aislada.
A Feira de San Isidro sufriu un cambio de filosofía fundamental con respecto a outros anos anteriores, e unha mostra diso é o concurso de ganado que se celebra, xa que está a ter sona en toda a comarca e o que repercute moi beneficiosamente en Sarria.
O Concello de Sarria non paga ningunha factura que non sexa presentada pola comisión que organiza as Festas do San Xoán e que xustifica a subvención; cando nos orzamentos aparecen 135.000 euros débese a que recollen o que aconteceu no ano 2007 cando o goberno do Sr. García prorrogou os presupostos, había fixados 108.000 euros para as festas pero posteriormente e a petición da comisión de festas incrementouse en

12.000 euros para máis tarde volverse incrementar en 15.000 euros, entón o presuposto actual, recolle parte do déficit das festas do ano 2007 que non organizou o Goberno Actual e que sin embargo está a pagar agora.
Fai un ano decían que o Concello estaba a utilizar a Sarriana politicamente cando non houbo ningún movemento; naquel momento asumiuse a deuda para que os nenos puiden xogar, 6.500 euros do entrador; pagouse toda a programación da tempada e seguían a decer que o Concello utilizaba a Sarriana. Este ano, din que a deixamos desaparecer, na tempada 2004/2005 estando o Sr. García no Goberno, habída deudas, e sen embargo non se preocuparon de pagalas senon que quedaron ahí, e se xa eran poucas as deudas, logo aparecen sen pagar todos os viaxes do 2007 desde xaneiro ata xunio. Houbo unha reclamación por via xudicial da empresa o Concello, entrou a Comsión de Goberno, e o Concello lles contestou que presentasen os albaráns dos viaxes, cousa que ata o momento, non fixeron, pero en ningún momento se dixo que non se pagaba so se esixían os xustificantes do gasto.
Respecto a que nos presupostos non se reflexa ningunha dotación para emprego, durante os catro anos do goberno do Sr. García tampouco se reflexou nada, así que non cre que teña moito que decir o respecto.
O Centro de Saúde está adxudicado, contratado e preparado para iniciar as obras.

Toma a palabra o Sr. García que dí que non está aprobado o proxecto de execución de obra para o Centro de Día, que o que se presentou é un proxecto básico pero que todavía non está aceptada a financiación por parte da Xunta de Galicia.
Entenden que si a Xunta de Galicia non fai a piscina, o Concello de Sarria vaina facer, sen embargo, o Grupo da Oposición non lle parece ben porque esa é unha obra que debía estar financiada nun 80% pola Xunta de Galicia e non cos cartos dos Sarrianos.
Tamén comenta que o actual Goberno adapta os estatutos da Residencia de Anciáns pero que a seguen a tratar coma un Patronato. Pero non é así, agora é un Organismo Autónomo dependente do Concello de Sarria que ten que cumprir o dereito administrativo propio dunha entidade pública e non se poden tomar decisión por parte da Sra. Presidenta arbitrariamente.
Reitera que o actual Grupo de Goberno ten que recoñecer que tiñan deudas pendientes de pago do ano anterior das Festas do San Xoán e que é a primeira vez que a organización das festas non dá conta do que gasta, só do que se subvenciona, unha cuestión un pouco así cando unha parte integrante da organización son os propios conlleiros; o mesmo pasa ca festa do San Isidro.
Unha vez máis recalca que o Concello de Sarria deixou desaparecer a Sarriana por non facerse cargo da débeda, que deixa desaparecer un club que levaba o nome de Sarria por toda Galicia dende fai máis de 40 anos.
Por outro lado, comenta que se están a realizar obras no Ceminterio que non contan co Informe favorable da Dirección de Patrimonio e que o grupo do PP non denunciou porque non se perdese a subvención.
Por último, chama a atención respecto a que o PP non dixo que non considerase que o Eixo Atlántico non puidese ser beneficioso para Sarria, senon que dicen que durante dous anos que leva gobernando o actual o Grupo de Goberno non dixo nada de en que proxectos están traballando para beneficiar a Sarria, so se sabe que costa 20.000 euros o ano.

Intervén o concelleiro D. Xermán Arias que quere puntualizar varias cousas:
primeiro, respecto a feira de San Isidro cre que hai un cambio de filosofía e os resultado están a vista, de ser unha reunión de gando pasou a ser un concurso que se está a converter nun referente en Galicia, cre que é un cambio cualitativo importante e o resultado a todas luces é mellor; segunto, en canto a xustifiación das festas, pregúntase se cando o Sr. García foi alcalde fiscalizaba as constas das asocicacións, porque si é así non entende porque permitiu que a Sarriana acumulase esa deuda; terceiro, a piscina climatizada, respecto a ela hai que decir que se dixeron moitas mentiras, porque a piscina o primiro que hai que ter son uns terreos viables cousa que non había hasta que se aprobou o Plan de Encauzamento no ano 2008 e en canto as ilegalidades da Residencia, o Sr. Xermán cita unha frase que dixo o Sr. García "*é ilegal cobrarlle os internos menos do que está estipulado aínda que non teñan con que pagar*" débese entender entón que a xente que non teña os cartos para pagar o que está estipulado hai que votala fora.

Contesta o Sr. García que comenta que a Xunta de Galicia fixo un pabellón polideportivo para o centro de disminuidos psíquicos moito máis cerca do río Celeiro co que estaba a piscina, quere decir con esto que simple e llanamente todo é mentira porque senon todas as obras que se fixeron naquela zona serían ilegais.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e comenta que o Plan de Encauzamento en Sarria iníciase a razón de que se ía facer o Centro de Saúde, e que cando se constrúe o CAP no ano 2005 non había Plan Hidrográfico. Tamén reitera que o Grupo de Goberno actual non dixo que fose facer a piscina, senon que ía tomar a iniciativa.

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención dos representantes do grupo municipal do Partido Popular.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista: O Alcalde, Sr. Garrido Martínez e Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. María do Carmen García Conde, Dna. Paula Vázquez Núñez, e do Grupo Mixto (BNG e PG), D. Pablo López Barrera, D. Xermán Arias López, e co voto en contra do Grupo Municipal do Partido Popular: D. José Antonio García López, Dna. Ana María López Vila, Dna. Sara Arias Vázquez, D. Jaime Íñiguez Martínez D. Manuel Sangil Iglesias, D. Luis Pardo Fernández e D. Manuel Flores Peña, adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Prestar aprobación ó Presuposto Xeral para o ano 2009, o resume por capítulos en ingresos e gastos é como segue:

ORZAMENTO DO CONCELLO

Orzamento de Gastos

A) OPERACIÓNS CORRENTES	**7.890.055,78**
1. GASTOS DE PERSOAL	3.718.143,09
2. GASTOS CORRENTES	3.671.258,28
3. XUROS	91.804,41
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	408.850,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	**1.386.605,71**
6. INVERSIÓNS REAIS	960.003,14
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	40.000,00
8. ACTIVOS FINANCEIROS	9.000,00
9. PASIVOS FINANCEIROS	377.602,57
TOTAL	**9.276.661,49**

Orzamento de Ingresos

A) OPERACIÓNS CORRENTES	**8.590.008,20**
1. IMPOSTOS DIRECTOS	2.365.300,00
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	500.000,00
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.061.200,00
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.554.508,20
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	109.000,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	**686.653,29**
6. ENAXENACIÓNS REAIS	0,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	300.050,72
8. ACTIVOS FINANCEIROS	9.000,00
9. PASIVOS FINANCEIROS	377.602,57
TOTAL	**9.276.661,49**

ORZAMENTO RESIDENCIA DE ANCIÁNS “NOSA SRA. DO CARME”

Orzamento de Gastos

A) OPERACIÓNS CORRENTES	**742.982,63**
I. GASTOS DE PERSOAL	562.498,17
II. GASTOS CORRENTES	179.602,52
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	881,94
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	**7.736,70**
VI. INVERSIÓNS REAIS	7.736,70
TOTAL	**750.719,33**

Orzamento de Ingresos

A) OPERACIÓNS CORRIENTES	**750.719,33**
III. TAXAS E OUTROS INGRESOS	681.876,00
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	68.843,33
TOTAL	**750.719,33**

2º.- Prestar aprobación á plantilla de persoal que en dito expediente se contempla**.**
PLANTILLA DE PERSOAL 2009.

PRAZAS DO CONCELLO

PERSOAL FUNCIONARIO	**CATEGORÍA**	**TOTAL**	**VACANTES**
1.- Con Habilitación de Carácter Nacional			
Secretario	A1	1	0
Interventor	A1	1	0
2.- Escala de Administración Xeral			
Subescala Técnica	A2	2	1
Subescala Administrativa	C1	5	1
Subescala Auxiliar	C2	10	3
Subescala Subalterna	E	2	0
3.- Escala de Administración Especial			
3.1.- Subescala Técnica Medio	A2	3	2
3.2.- Subescala de Servicios Especiais			
A) Policía Local e Auxiliares	C1	2	1
	C2	13	1(*)
	E	1	0
B) De Persoal de Oficios	C2	4	2
	E	1	0

(*) Sistema de Selección de acordo coa Disposición Adicional 2ª da Lei 4/2.007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

PERSOAL LABORAL FIXO	TOTAL	VACANTES
Auxiliar Administrativo	1	0
Asistente Social	2	0
Técnico Local de Emprego	1	0
Axudante Obras	1	0
Operario Obras	5	0
Tractorista Obras	1	1
Operario Electricista	4	0
Operario Obras Colexios	1	0
Axudante Obras Medio Ambiente	1	0
Operarios Obras Medio Ambiente	8	0
Auxiliar O.I.X.	1	0
Operario Obras Deportes	4	2
Oficial matarife	1	0
Axudante Matarife	6	3
Operario Obras Campo da Feira	1	0

PRAZAS DO PERSOAL LABORAL DO O.A. RESIDENCIA DE MAIORES "NOSA SRA. DO CARME"

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GR	SIT
ATS-DUE	2	A2	V
Gobernanta	1	C2	A Extinguir
Auxiliar Administrativo	1	C2	V / MX
Camareira-Limpadora	6	AP/DA 7ª EBEP	V
Auxiliar Xerocultura	6	C2	V / MX
Auxiliar de Clínica	3	C2	V
Cociñeira	3	C2	V
Operario de Oficios Múltiples	1	AP/DA 7ª EBEP	V

Traballador Social	1	A2	V
Fisioterapeuta	1	A2	V / MX
Animador Socio-Cultural	1	C1	V / MX

Consígnanse nas correspondentes partidas as cantidades correspondentes para a contratación de persoal laboral temporal para atender as necesidades transitorias que xurdan durante o exercicio e que non poidan ser atendidas polo persoal laboral fixo.

3º.- Aprobalas bases de execución do Presuposto Xeral.

4º.- Considerar incluídos nos créditos iniciais do Orzamento do 2009 as seguintes modificacións e proceder á anulación das mesmas no que respecta ó importe e partidas que se sinalan:

1.- Na transferencia de crédito 1/2009, a que se efectúa da partida 121.224 Administración Xeral, Seguros á 121.206 Administración Xeral, Aluguer de equipos para proceso de información, por importe de 1.571,76 €., contía que se considera incluída no crédito inicial da partida 121.206.

2.- Na transferencia de crédito 3/2009, a que se efectúa da partida 444.2.223, San Isidro, Transportes, 444.2.226.01 San Isidro, Atencións protocolarias e representativas, 444.2.226.02, San Isidro, Publicidade e propaganda, 444.2.226.07 San Isidro, Festexos populares e 444.2.481.00 San Isidro, Premios, Becas e e pensións de estudos e investigación, á 444.2.489.00 San Isidro, Outras transferencias, por importe de 30.000,00 €, contía que se considera incluída no crédito inicial da partida 444.2.489.01.

5º.- Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio que se insertará no Boletín Oficial da provincia, e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a efectos de exame e reclamacións.

6º.- Este acordo será considerado definitivo de non se produciren reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA SOBRE A MOCIÓN DE GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO.

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá lectura da proposta dictaminada pola Comisión Informativa sobre a moción presentada polos Grupos Políticos PsdeG-PSOE, BNG e o PG, sobre a gratuidade dos libros de texto.

Aberta a deliberación, prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén Dona María do Carmen defendendo a implantación na sociedade actual dunha sociedade de dereitos cidadáns. O mesmo que defendemos unha sanidade pública de calidade, universal e gratuíta para todas e todos, tamén defendemos un sistema de

educativo público de calidade, universal e gratuíto. No anterior goberno bipartito da Xunta conseguimos un sistema educativo que cumprira as esixencias de calidade e univrsalidade pero tamén cara á súa gratuidade como dereito dos cidadáns, baseado nun sistema de préstamos que favorece a igualdade de oportunidades e involucra os valores de solidariedade, consevación do material para a súa reutilización por outras persoas.
O Partido Popular na súa obsesión por un lado de anular todos os logros do goberno anterior e porque ideolóxicamente sempre creeron máis no sitema de beneficiencias que nos dereitos cidadáns, está dando un paso atrás no sistema educativo a través da supresión da gratuidade dos libros de texto.

Toma a palabra o Sr. Xermán para suscribir as palabras de Dona María do Carmen, e simplemente pon varios exemplos de como vai afectar a supresión da gratuidade dos libros de texto. Por exemplo, unha familia monoparental cun fillo ou unha filla e uns ingresos de 1300 euros mensuais, non terá dereito a ningún tipo de axuda. Remata afirmando que o ensino é un dereito universal recoñecido na Constitución.

Contesta o Sr. García afirmando que baixo esa política educativa tanto teñen dereito os libros de texto gratuitos un neno fillo de duas persoas paradas sin ningún tipo de ingreso coma os fillos das persoas que mais teñen. Según o Partido Popular a política social non se debe de ver así, sinon que consiste en axudar os que o máis o necesitan.

Neste momento, as 22:06 horas, o concelleiro D. Manuel Flores Peña, abandona a sala non volvendo a incorporarse.

Dona Violeta expón que o Partido Popular non beneficia os ricos senon que beneficia os máis ricos porque a política de compra de libros beneficia as grandes editorias, o gasto que se producía ata agora é a cuarta parte do que se vai a producir despois.

O Sr. Alcalde reitera que o ensino, reconocido na Constitución coma un dereito fundamental, é gratuito e obrigatorio; a Constitución non diferenza, a nivel ensino, entre ricos e pobres; as diferenzas xurden en dereitos non fundamentais.

Intervén o Sr. García para comentar que a política do Partido Popular está basada en axudar a quen máis o necesita, non se lle pode dar máis a quen ten patrimonio que a quen non ten nada. A primeira medida que adopta o Sr. Feijoo cando chega o Goberno e a conxelación das tasas universitarias mentres que no Goberno do Sr. Touriño e o Sr. Quintana produciuse a maior subida da historia da democracia en Galicia.

Contesta o Sr. Alcalde que as políticas sociais son as que recoñecen os dereitos de todos e todas.

Finalizado o debate.

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención dos representantes do grupo municipal do Partido Popular.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista: O Alcalde, Sr. Garrido Martínez e Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. María do Carmen García Conde, Dna. Paula Vázquez Núñez, e do Grupo Mixto (BNG e PG), D. Pablo López Barrera, D. Xermán Arias López, e co voto en contra do Grupo Municipal do Partido Popular: D. José Antonio García López, Dna. Ana María López Vila, Dna. Sara Arias Vázquez, D. Jaime Íñiguez Martínez D. Manuel Sangil Iglesias e D. Luis Pardo Fernández adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Instar á Xunta de Galicia, que en base a que a educación constitúe un dereito básico e universal de toda a cidadanía, a continuar co modelo de gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio e en todos os centros sostidos con fondos públicos impulsado polo anterior goberno, na procura dun sistema educativo universal, de calidade e gratuíto para todos e todas.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA SOBRE A INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE SARRIA A AXENCIA EUROREXIONAL DE DESENVOLVEMENTO DO EIXO ATLÁNTICO (AECT).

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá lectura da proposta dictaminada pola Comisión Informativa sobre o procedemento establecido para autorizar a constitución de AECTs integradas por autoridades locais, así como do documento de solicitude para integrarse nas mesmas.

Aberta a deliberación, prodúcense as seguintes intervencións:

Toma a palabra o Sr. García manifestando que o Grupo Popular non está encontrá do Eixo Atlántico senon que están encontra da forma en que se están a realizar as tramitacións relacionadas co mesmo. Que nunca se lles explicou en que se está a traballar para beneficiar a Sarria porque ninguén percibe ningún tipo de beneficio o único que se percibe é que ten un coste para Sarria de 24.000 euros anuais.

Intervén o Sr. Alcalde contradecindo o Sr. García en que o coste para Sarria non é de 24000 euros anuais senon de 18000 euros; pero que esa cantidade non é comparable cos beneficios que lle reporta a Sarria, xa que estar presentes en reunións tan importantes como Axenda 21 eso é falar de sostenibilidade de futuro.

Retoma a palabra o Sr. García que dí que xa que nos costa 18000 euros anuais máis gastos de viaxes e demais o que faría uns 20000 euros, o Partido Popular solo quere información. Neste momento comenta que o Sr. Alcalde, no seu momento, infiltra un plano da piscina climatizada na zona de Outarela ante esa frase toma a palabra o Sr. Alcalde extrañado por tal afirmación pide silencio pero o Sr. García segue a falar decindo que él dixo que o Sr. Alcalde infiltrara un plano da piscina climatizada na Insuas, o Sr. Alcalde sigue a reiterar silencio pero non é posible.

Sendo as 22:08 horas, e conforme establece o artigo 95 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Reglamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais; despois de tres chamadas á orde e sendo advertido na segunda das consecuencias dunha terceira chamada á orde e tras unha breve discusión entre o Sr. Alcalde e o Sr. García, o Presidente, ordea o concelleiro D. José Antonio García López que abandoe o local. O Sr. García pide que se faga constar en acta que non lle deixaron explicar as súas palabras e procede acto seguido a abandoar a sala. Nese momento o resto de concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, grupo representado polo anterior membro expulsado, procede voluntariamente a abandoar a sala, non volvendo a incorporarse.

Finalizado o debate.

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención dos representantes do grupo municipal do Partido Popular.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista: O Alcalde, Sr. Garrido Martínez e Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. María do Carmen García Conde, Dna. Paula Vázquez Núñez, e do Grupo Mixto (BNG e PG), D. Pablo López Barrera e D. Xermán Arias López, o Pleno do Concello, adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar a participación do Concello de Sarria na Agrupación Europea de Cooperación Territorial Axencia Eurorexional de Desenvolvemento do Eixo Atlántico.
2º.- Aprobar o texto do convenio e os estatutos propostos polos que se rexirá a Agrupación, sendo estos textos susceptibles de sufrir as modificacións oportunas en orde a adaptarse as observacións formuladas pola Administración Xeral do Estado para adecuar os textos a normativa vixente. A ratificación do texto definitivo do convenio e os etatutos terá lugar na sesión constitutiva da AECT.

3º.- Notificar o Ministerio de Política Territorial a intención do Concello de Sarria de formar parte da futura Agrupación Europea de Cooperación Territorial Axencia Eurorexional de Desenvolvemento do Eixo Atlántico, en cumprimento do establecio no artigo 4.2 do Reglamento (CE) nº 1082/2006, do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial e no artigo 4 do Real Decreto 37/2008, de 18 de xaneiro.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA SOBRE O EXPEDIENTE DE EXPROPIACION DE TERREOS PARA INSTALACIÓN DUN CAMPO DE FUTBOL NA ZONA DO CHANTO.

Dase conta do expediente de expropiación dos terreos necesarios para a instalación dun campo de futbol de herba artificial na zona do Chanto, redactado polo Arquitécto Técnico Municipal D. Alberto Quiñoa Bello e o Enxeñeiro Técinco Agrícola D. Manuel Balboa Caldeiro. Obtando o Concello, a efectos de determinación do

xustriprezo, polo procedemento de taxación conxunta regulado no artigo 143 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

De acordo ca normativa urbanística de aplicación, Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, Lei 15/2004, de 29 de decembro, Lei 6/2007 e Lei 6/2008, de modificación da Lei 9/2002, en diante LOUGA, sobre os sistemas de actuación do artigo 126 e tendo en conta as características, os medios, según o artigo 127, e artigos 165, 166 e 167, sobre a obtención de terreos para dotacións públicas e dotacións locais, tanto de sistemas xerais como dotacións locais, e estando os terreos, según o planeamento vixente neste municipio, clasificado como Suelo Urbano, Ordenanza Dotacional.

Aberta a deliberación, prodúcense as seguintes intervencións:

Explica o Sr. Alcalde que se van a expropiar terreos adxacentes que se encontran entre o actual Campo de Rugby e o Albergue. É un proxecto do Concello que xa está aprobado en protocolo pola Diputación.

Finalizado o debate.

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención dos representantes do grupo municipal do Partido Popular.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista: O Alcalde, Sr. Garrido Martínez e Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. María do Carmen García Conde, Dna. Paula Vázquez Núñez, e do Grupo Mixto (BNG e PG), D. Pablo López Barrera e D. Xermán Arias López, o Pleno do Concello, adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar inicialmente o Proxecto de Expropiación dos terreos necesarios para a instalación dun campo de futbol de herba artificial na zona do Chanto, no que figura para dita fase a seguinte relación de titulares, bens e dereitos obxecto de expropiación:

Referencia Catastral	Titular	m/2 Superficie
0271040PH3307S0001RW	D. Antonio Félix López Croas	583
0271028PH3307S0001LW	Dna. Mª Esther Sánchez Castro	1.141
0271029PH3307S0001TW	Dna. Mª Mercedes Rodríguez Fernández	1.885

2º.- Expoñer ó público o citado proxecto de expropiación polo prazo dun mes, mediante anuncios que se insertarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que aqueles que poidan resultar interesados

formulen as observacións que consideren convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

3º.- Así mesmo, as taxacións notificaránselle individualmente ós que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, mediante traslado literal da correspondiente folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións nos prazo dun mes, a contar a partires da data de notificación.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA SOBRE A ALTERACIÓN DA CALIFICACIÓN XURÍDICA DUNHA PARTE DUN CAMIÑO PÚBLICO.

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá lectura da proposta dictaminada pola Comisión Informativa sobre a solicitude de varios veciños das parroquias de Lezoce e San Xulián da Veiga, na que se pon de manifesto que as obras do corredor no tramo Betote- Polígono do Morelle provocaron o corte dalgúns camiños públicos, provocando que algúns deses camiños quedaran cegos, sen ningunha utilización e sin servizo nin uso futuro, por recorrer tramos que pertencen en ámbolos dous lados o mesmo propietario. Por iso solicitan que se inicien os trámites administrativos e legais para a desafección do camiño de "Bouzallo", situado no POLÍGONO 13-PARCELA 9024, cunha superficie de 771 metros cadrados, referencia catastral 27057A013090240000JS e a súa posterior venta dos propietarios. Valorándose en 2.564,74 euros.
A continuación, descríbense os terreos colindantes o camiño que se pretende desafectar:

POLÍGONO 13-PARCELA 60

Referencia Catastral	Propietario	Paraje
27057A013000600000JX	D. José Alberto Villar Díaz	Albareda

POLÍGONO 13-PARCELA 63

Referencia Catastral	Propietario	Paraje
27057A013000630000JE	D. Mariano López López	CamiñoSarria

POLÍGONO 13-PARCELA 62

Referencia Catastral	Propietario	Paraje
27057A013000620000JJ	D. Juan Carlos Toirán Villar	Bouzallo

POLÍGONO 13-PARCELA 64

Referencia Catastral	Propietario	Paraje
27057A013000640000JS	D. Mariano López López	Camiño Sarria

Considerando os artígos 7, 8 e 115 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Aberta a deliberación, prodúcense as seguintes intervencións:

O Sr. Alcalde comenta que debido as obras da cuarta fase do corredor, hai unha serie de

camiños que quedan sen afección e a consecuencia deso son os propios veciños de San Xulián e Lezoce os que piden que se desafecte o camiño de "Bouzallo"

Finalizado o debate

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención dos representantes do grupo municipal do Partido Popular
Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista: O Alcalde, Sr. Garrido Martínez e Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. María do Carmen García Conde, Dna. Paula Vázquez Núñez, e do Grupo Mixto (BNG e PG), D. Pablo López Barrera e D. Xermán Arias López, o Pleno do Concello, adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Iniciar o expediente de alteración da calificación xurídica do camiño de "Bouzallo", con referencia catastral 27057A013090240000JS e cunha superficie a desafectar de 771 metros cadrados quedando como ben de carácter patrimonial, e tendo en conta a reducida extensión e forma irregular, declárase como parcela sobrante.

2º.- Someter o expediente a información pública por prazo dun mes mediante anuncio no BOP.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA SOBRE O REGULAMENTO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá lectura da proposta dictaminada pola Comisión Informativa sobre a proposta de aprobación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar, considerando o marco regulador establecido na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia así como a Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

Aberta a deliberación, prodúcense as seguintes intervencións:ç
Toma a palabra Dona Violeta para explicar que simplemente se trata da adaptación do regulamento as esixencias da nova Lei de Servizos Sociais

Finalizado o debate.

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención dos representantes do grupo municipal do Partido Popular.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista: O Alcalde, Sr. Garrido Martínez e Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. María do Carmen García Conde, Dna. Paula

Vázquez Núñez, e do Grupo Mixto (BNG e PG), D. Pablo López Barrera e D. Xermán Arias López, o Pleno do Concello, adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar inicialmente O REGULAMENTO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, quedando o texto de dita ordenanza como segue:

REGULAMENTO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vontade reiterada das persoas en permanecer o maior tempo posible no seu propio domicilio, mantendo a rede social de referencia que tiveron ao longo de toda a vida, é algo prioritario na consideración e determinación dos servizos de apoio ás persoas na progresiva dependencia. Pero o contorno domiciliario, os seus accesos, os servizos de apoio na comunidade, etc esixen a toma en cuestión de moitos aspectos que condicionan e determinan as posibilidades da persoa dependente ou discapacitada no exercizo do seu desenvolvemento vital.

Independentemente da materialización doutros servizos ou elementos de protección e apoio que faciliten as actividades da vida diaria, a necesidade dun servizo integral adaptable ás necesidades máis variadas e fraccionables en tempos, que asume intervencións de urxencia e pode responder axilmente ás modificacións da necesidade do servizo, é algo insustituible como recurso central da atención á dependencia e discapacidade no contorno domiciliario e comunitario de quen o precise.

Dende o Concello de Sarria adquírese o compromiso de promover axudas e servizos que contribúan a que os seus habitantes disfruten da convivencia, con especial atención a aqueles que por circunstancias persoais e/ou familiares vexan limitada esta convivencia no seu propio fogar.

O Servizo de Axuda no Fogar (en adiante SAF) do que dispón o Concello dende hai varios anos, integra un conxunto de atencións orientadas a esta finalidade.

A Administración Pública debe garantir a igualdade de oportunidades de acceso en función dos niveis de necesidade, e debe determinar, asimesmo, o nivel económico de participación da persoa usuaria en función dos seus ingresos. Xunto a isto debe ofrecer á cidadanía un marco claro do servizo e dos dereitos que o amparan . Todo sobre a base do entramado normativo vixente.

O presente Regulamento é o documento que pretende recoller todos estes aspectos, ofrecendo ás persoas que queiran ser beneficiarias do citado servizo, uns elementos definitorios claros, operativos e que lles axuden a comprender os seus dereitos e obrigas.

CAPÍTULO I- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º-OBXECTO

O presente Regulamento ten como obxecto a regulación do SAF e os requisitos e procedementos necesarios para acceder ao mesmo, no Municipio de Sarria.

Artigo 2º- ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O SAF desenvolverase no termo municipal de Sarria, dentro do ámbito das competencias municipais en materia de servizos sociais, sendo a súa sede oficial as dependencias da "Casa do Concello" destinadas aos servizos sociais.

O horario de atención ao público na dita dependencia municipal será de 9:00h. a 15:00,en días laborais de luns a venres.

Artigo 3º- DEFINICIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando a súa posible institucionalización.

O SAF poderá incluír intervencións de carácter persoal, doméstico, socio-educativo e preventivo, que deberán ser conformes coa valoración técnica realizada polos servizos sociais.

Os coidados e atencións a prestar no fogar das persoas e unidades de convivencia serán realizados por persoal cualificado e con supervisión técnica directa por parte dos servizos sociais municipais.

Artigo 4º- OBXECTIVOS DO SAF

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social
- Retardar ou evitar a institucionalización
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 5º- PRINCIPIOS XERAIS

-Principio de normalización e integración: O servizo prestarase no ámbito doméstico, familiar, social e cultural das persoas usuarias, utilizando na medida do posible, os recursos normalizados existentes.

-Principio de autonomía: Deberase fomentar ao máximo posible a autonomía da persoa usuaria.

-Principio de participación: deberase fomentar a participación da persoa na elaboración do plan de atención.

-Principio de globalidade: A atención que se preste deberase integrar, ofrecendo unha

axuda de carácter polivalente para a cobertura dunha ampla gama de necesidades das persoas usuarias.
-Principio de profesionalización: tanto os responsables do servizo coma o persoal de atención directa deberán ter as competencias profesionais correspondentes
-Principio de individualización: todas as persoas beneficiarias deste servizo, previa valoración e diagnóstico da súa situación poderán dispoñer dun plan de atención individualizado adaptado as súas necesidades.
-Principio de complementariedade: este servizo poderá articularse con outras prestacións técnicas, económicas ou tecnolóxicas.
-Principio de prevención: a prestación do servizo deberá ter en conta o aspecto preventivo para evitar o deterioro da persoa usuaria e a consecuente institucionalización.
-Principio de inclusión: A prestación do servizo poderá prever accións para a inclusión individual e/ou familiar no medio comunitario.

Artigo 6º-USO SIMULTÁNEO DE SERVIZOS E PRESTACIÓNS

O SAF será compatible cos servizos de prevención da dependencia, promoción da autonomía e apoio ás persoas coidadoras, co servizo de teleasistencia, co servizo de centro de día e de noite ou, no seu caso, coa prestación económica vinculada á prestación de cada un destes últimos servizos e coa prestación económica de asistencia persoal e nos termos establecidos no presente Regulamento.

Tamén será compatible o SAF, nos termos establecidos no presente Regulamento, coa prestación económica para coidados no contorno familiar da Lei 39/2006 de 14 de decembro de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia.

Nos supostos nos que se compatibilice o SAF con outros servizos ou prestacións, a súa intensidade estará determinada no Plan Individual de Atención do usuario.
O SAF é incompatible co servizo de atención residencial ou prestación vinculada a este servizo.

CAPÍTULO II- O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 7º - CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O SAF prestarase no domicilio particular da persoa beneficiaria dentro do termo municipal de Sarria.
1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuidas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico expresado no artigo 18º.4 deste Regulamento.
2. A intensidade do SAF para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme ao proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 8º.1-a), todos os días da semana.
- Nos restantes casos, a intensidade do servizo virá determinada na prescrición

efectuada polos correspondentes servizos sociais municipais .

Artigo 8º- ACTUACIÓNS INCLUÍDAS

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais no marco do SAF poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a). Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
-Asistencia para levantarse e deitarse.
-Apoio no coidado e hixiene persoal e así como para vestirse
-Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse
-Supervisión cando proceda das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
-Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal
-Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria tales como:
-Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
-Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda tales como:
-Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda, a limpeza será cotiá. Non se limparan azulexos, ventanas, lámparas, cortinas, paredes nin zonas exteriores.
-Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
-Preparación dos alimentos.
-Lavado e coidado das prendas de vestir, con lavadora.
-Coidados básicos da vivenda, como cambiar unha bombilla.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d).Atencións de carácter psicosocial e educativo, intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade,á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.- Con carácter complementario o SAF poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:
a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
c) Adaptacions funcionais do fogar.
d) Servizo de podoloxía.
e) Servizo de fisioterapia.

3.-Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e da calidade de vida.

4.- En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Artigo 9º- ACTUACIÓNS EXCLUÍDAS

-Atender a outros membros da familia ou achegados que vivan no mesmo domicilio, cando o usuario do servizo sexa unha persoa en concreto.

-Facer arranxos de certa complexidade na vivenda (pintar, empapelar as paredes, etc).

-Limpeza da casa que non estea directamente relacionada co servizo personalizado ao usuario, sempre que este non viva só.

-Prestación do servizo fóra das horas estipuladas para cada usuario.

-Ir a buscar ao usuario a un lugar distinto que non sexa o seu domicilio habitual, excepto en casos excepcionais.

-Funcións de carácter sanitario e, en xeral, aquelas que requiran unha formación ou especialización da que carecen os profesionais que prestan o servizo como: poñer inxeccións, tomar a tensión, colocar ou quitar sonda, subministrar unha medicación que implique certo grao de coñecemento ou especialización por parte de quen a administre, axudar ao usuario na realización de exercizos específicos de rehabilitación ou mantemento...

-Todas aquelas tarefas que non se axusten ao plan de coidados establecido para cada caso concreto.

CAPITULO III- FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO , PROFESIONAIS QUE INTERVEÑEN E PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 10º – FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O SAF prestarase polo Concello de Sarria ou por entidades privadas debidamente autorizadas ou, de ser o caso, acreditadas mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público.

Artigo 11º –PROFESIONAIS QUE INTERVEÑEN NO SERVIZO

1- Traballador Social.

É o profesional que recibe a demanda, fai o estudo e valoración da situación presentada, deseña o proxecto de intervención adecuado a ela e será responsable do seguimento e avaliación.

As súas funcións e tarefas concretas son:

- Programación, planificación e avaliación xeral do servizo, no marco da programación xeral dos Servizos Sociais Municipais.
- Difusión e información sobre o servizo.

- Detección, estudo e diagnóstico dos casos.
- Formular a proposta de concesión ou denegación do SAF ao órgano competente.
- Definir os obxectivos da intervención, elaborar o plan de coidados, e asignar aos profesionais necesarios.
- Dar a coñecer o servizo ao usuario e acordar o compromiso das partes.
- Información, asignación e supervisión de tarefas das auxiliares de Axuda no Fogar.
- Seguimento e avaliación dos casos atendidos.
- Estimular e favorecer a responsabilidade da familia.
- Formular propostas de ampliación, redución ou suspensión do servizo se fose necesario.
- Apoio e promoción da formación-reciclaxe do persoal relacionado co servizo.
- Movilizar recursos alternativos e complementarios.
- Coordinación con outros servizos existentes na zona.

2. Auxiliar de Axuda no fogar.
É o profesional que realiza tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto directo co usuario do servizo, a súa familia e o seu contorno.
As súas funcións son:
A. Asistenciais, de atención persoal e doméstica.
B. De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.
C. Educativas, potenciando o protagonismo do usuario, non substituíndoo en aquelas tarefas que poida realizar por sí mesmo e facilitándolle as canles de comunicación co seu contorno.
D. De colaboración co traballador social na coordinación e avaliación do servizo.
As tarefas a realizar son as relacionadas no artigo 8º do presente Regulamento.

2.1 Procedemento a seguir en caso de cambio de auxiliar.
Os supostos que motivarán o cambio de auxiliar de axuda no fogar serán :
a) Circunstancias fundamentadas na mellora da calidade do servizo: itinerarios de desprazamentos, tipo de prestación, tarefas , duración do servizo.
b) Petición do beneficiario do SAF solicitando o cambio de persoal auxiliar que presta o dito servizo, xustificándoo convenientemente.
c) Disfrute de períodos vacacionais do persoal auxiliar, períodos de IT e extinción da relación contractual coa entidade prestadora.

O procedemento a seguir no caso de cambio de auxiliar é o seguinte:
Nos supostos a) e b) previstos no apartado anterior, emitirase informe do traballador social valorando as circunstancias que motivan o cambio.
Todos os supostos someteranse á resolución do órgano competente e posterior notificación ao usuario e persoal auxiliar.

3.Outros profesionais coordinados co traballador social, tales como técnico superior en integración social, educador social, psicólogo e profesionais doutros servizos que poidan colaborar no SAF.
Nas funcións que corresponden ao eido sanitario como curas persoais, inxeccións, sondaxes, podoloxía e todas aquelas referentes á saúde, será precisa unha estreita

colaboración sociosanitaria, coordinando o SAF cos servizos sanitarios de coidados a domicilio desenvolvidos dende o centro de saúde, hospital ou servizos sanitarios correspondentes.

4. Voluntarios: son aquelas persoas que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración económica e dentro do programa de intervención correspondente, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas do persoal anteriormente relacionado. Dado o seu carácter de relación interpersoal, de diversidade, de flexibilidade de horarios e dispoñibilidade de tempo libre, as tarefas que puideran desempeñar os voluntarios serán as de compaña, fomento de relacións e comunicación e ocupación do tempo libre, tanto dentro como fóra do fogar, e outras que contribúan ao fomento da autoestima. A tal fin deberán ser formados convenientemente.

Artigo 12º- PERSOAS DESTINATARIAS

1.- O SAF estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2.- En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar avaliada tecnicamente, que xustifique a prestación do servizo.

CAPÍTULO IV- DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DA ENTIDADE PRESTADORA

Artigo 13º-DEREITOS DAS PERSOAS DESTINATARIAS

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratados co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o Regulamento do servizo.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao respecto a súa intimidade e á absoluta confidencialidade dos seus datos, de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como de cantos aspectos da súa vida persoal, familiar, económica ou social poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do servizo.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas

durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

Artigo 14º- OBRIGAS DAS PERSOAS DESTINATARIAS:

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, terán os seguintes deberes:
- Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas do persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os materiais necesarios.
- Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
- Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
- Participar no pagamento do servizo nos termos que se establezan na ordenanza municipal reguladora do prezo pola prestación do servizo.
- Comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con 10 días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

Artigo 15º. DEREITOS DA ENTIDADE PRESTADORA.

- Acceso á vivenda onde se desenvolva o SAF polos profesionais que interveñen no servizo, co obxecto da avaliación, prestación e seguimento do mesmo. En ningún caso se faran cargo das chaves do domicilio, nin prestaran o servizo sin estar o usuario no mesmo.
- Requerir a documentación e información necesaria para o desenvolvemento do servizo.
- Realizar as actuacións de comprobación necesarias para o correcto desenvolvemento do servizo.
- Percibir o pagamento que lle corresponde ao usuario pola prestación do servizo.

Artigo16º- OBRIGAS DA ENTIDADE PRESTADORA.
- Prestar o servizo de conformidade co Regulamento Municipal.
- Respectar o prezo do servizo estipulado na Ordenanza Municipal .
- Tratamento dos datos persoais dos usuarios de conformidade coa Lei 15/1999,de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Someterse ás inspeccións e ao réxime sancionador vixente en materia de servizos sociais.
- Dispoñer dun expediente individualizado de cada usuario, cos seus datos sociais e sanitarios .
- Ter a disposición dos usuarios un libro de reclamacións.
- Estar debidamente autorizada de conformidade co establecido no Decreto 143/2007 do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos

programas e centros de servizos sociais.

CAPÍTULO V- PROCEDEMENTO DE ACCESO

Artigo 17º-REQUISITOS XERAIS PARA ACCEDER AO SERVIZO

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais municipais, de acordo coas seguintes modalidades:

17.1. O acceso será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do Programa Individual de Atención, ao abeiro ao establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na CC.AA. de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa Individual de Atención, fixación das intensidades de protección de servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

17.2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación do sistema que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais municipais resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos neste Regulamento Municipal.

17.3 De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

17.4 Nos supostos recollidos nos números 2 e 3 deste artigo empregarase o baremo recollido neste Regulamento.

Os requisitos xerais para ser beneficiario do SAF, polo réxime de libre concorrencia, son os seguintes:

-Estar empadroado no Municipio.
-Solicitar a prestación do servizo.
-Manifestar a necesidade do dito servizo.

Artigo 18º-TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

18.1 No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención, terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

Neste suposto só terán que presentar a documentación necesaria e que non estea en poder dos servizos sociais municipais.

18.2 No acceso polo réxime de libre concurrencia o procedemento iniciarase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común.

Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.

Os solicitantes poderán dirixirse aos servizos sociais municipais, onde se lles facilitará o modelo de solicitude normalizada (anexo I), que xunto coa documentación esixida se presentará no Rexistro Xeral do Concello, asinada polo/a solicitante do servizo ou pola persoa que o represente.
Asimesmo, o traballador social proporcionará información personalizada, gratuita e confidencial relacionada coa demanda do servizo e as súas condicións e, no caso de necesidade, ofrecerá apoio para que tanto a solicitude como a documentación a presentar se realice de forma adecuada.

18.3 Documentación a achegar coa solicitude:
.Fotocopia do DNI do solicitante ou calquera outro documento oficial acreditativo da súa identificación.
.Fotocopia da tarxeta sanitaria.
.Certificado de empadroamento e de convivencia.
.Informe do médico de atención primaria (anexo II)
.Certificado de minusvalía, no seu caso, da persoa solicitante e membros da unidade familiar
.Resolución da valoración de grao e nivel de dependencia emitida pola Unidade de Valoración da Dependencia e do Plan Individual de Atención, se é o caso.
.Xustificantes dos ingresos da unidade familiar, entendéndose por tal o solicitante, cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores desta idade en situación de discapacidade que dependesen económicamente do solicitante:

-Certificado de todos os ingresos procedentes de pensións.
-Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de Facenda de non estar obrigado a declarar.
-Declaración de imposto sobre o patrimonio ou certificado de Economía e Facenda de non estar obrigado a declarar.
-Con carácter excepcional e naqueles casos nos que o solicitante non poida dispoñer da documentación acreditativa anteriormente mencionada, aportarase declaración xurada na que se faga constar a carencia absoluta de rendas familiares ou contías das mesmas, así como de bens patrimoniais.

Respecto das solicitudes con documentación incompleta formuladas por persoas que cumpran con todos os requisitos para solicitar o servizo, os interesados serán requeridos para que no prazo de 10 días subsanen tales deficiencias, con apercibimento de que se non o fixeran, o expediente será arquivado sen máis trámite. Só en casos extraordinarios que requiran unha intervención urxente, especificamente valorados como tales no informe social realizado polos servizos sociais, poderá tramitarse e resolverse unha solicitude na que falte algún dos documentos a emitir polas Administracións Públicas, co compromiso expreso de aportalo no prazo máis breve posible.

18.4. Dende os servizos sociais municipais, o traballador social trala visita efectuada ao domicilio do solicitante do servizo, elaborará un informe social (anexo IV), co carácter de dictame técnico, no que se considerarán todas as circunstancias de necesidade ás

que se refiere o presente Regulamento, así como a aplicación do baremo contido no mesmo (anexo III) e a elaboración do proxecto de intervención (anexo V).

18.5. O informe social que os servizos sociais municipais emitirán, en relación con cada unha das solicitudes, deberá conter :
- Valoración da situación persoal, socio-económica e familiar.
- Puntuación obtida tras a aplicación do baremo.
- Proposta de resolución, que no caso de ser favorable á demanda, deberá incluír o Plan de Coidados e a achega económica do usuario.

18.6. A Alcaldía ou Concelleiro delegado á vista das solicitudes e da valoración técnica emitida, resolverá cada unha delas. A resolución deberá producirse no prazo máximo de dous meses dende a data de entrada da solicitude no Rexistro Municipal, o dito prazo suspenderase cando se requira a subsanación das solicitudes polo tempo que medie entre a notificación e o seu cumprimento ou, no seu defecto, o transcurso do prazo concedido e no resto dos supostos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que resulten de aplicación.

Transcorrido o prazo previsto no apartado anterior sen que se adoptara resolución expresa e sen prexuízo da obriga de resolver, poderase entender desestimada a solicitude a efectos de permitir ao interesado a interposición do recurso potestativo de reposición ou contencioso administrativo.

En caso de resolución positiva, a mesma terá a consideración de orde de alta no servizo, será necesaria a sinatura de acordo de servizo (anexo VI) entre o usuario e a entidade prestadora. Se non existira dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrar a lista de espera nunha orde de prioridade que virá determinada pola puntuación que obtivera na aplicación do baremo elaborado para a concesión do servizo.

A resolución da Alcaldía incluirá, no caso de ser favorable, indicación expresa do número de horas a prestar, relación de tarefas que se levarán a cabo e a porcentaxe do custo que deberá pagar o solicitante. Se se trata de resolución desfavorable, a resolución deberá indicar expresamente as circunstancias ou incumprimentos que determinan a mesma.

En todo caso, a resolución da Alcaldía será comunicada ao usuario, según o establecido na Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Artigo 19º- SOBRE O TRÁMITE DE URXENCIA

Mediante resolución motivada do alcalde ou do membro da Corporación responsable en materia de servizos sociais poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta do servizos sociais municipais e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.
A súa xustificación estará motivada por:

-Presentarse a necesidade de forma imprevista.
-Situacións de alto risco.
-Enfermidade grave (se o beneficiario non ten familiares).

-O falecemento do cónxuxe ou doutra persoa que se estea facendo cargo do beneficiario.
-Outras causas semellantes.

O procedemento de urxencia terá validez só mentras se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta levará consigo a extinción do SAF, e se é o caso pasará á lista de espera.

Artigo 20º- SEGUIMENTO DO SERVIZO

O traballador social garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, ao contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo do servizo.

CAPÍTULO VI – SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO SERVIZO

Artigo 21º- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SAF

Son causa de suspensión temporal do servizo, previo informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

- A ausencia da persoa titular no domicilio habitual por un período inferior a tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
- Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causantes da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na normativa reguladora.

Artigo 22º - CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SAF

1.-Son causas de extinción do SAF as seguintes:

- O cambio do Plan Individual de Atención ou do Proxecto de Intervención que implique o cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co SAF
- O falecemento da persoa usuaria
- O traslado definitivo da súa residencia fóra do termo Municipal.
- A renuncia da persoa usuaria
- Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- Ingreso con carácter definitivo en centro residencial.
- A falta reiterada do pagamento do servizo
- A desaparición das causas que deron orixe á concesión do servizo.

2.- Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente . Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual mediante un novo informe social.

3.- Cando se trate dun servizo axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución do Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para dictar resolución de Programa Individual de Atención.

CAPÍTULO VII - PREZO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 23º- PREZO DO SERVIZO

O prezo do servizo estará regulado pola "ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SARRIA".

Artigo 24º- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS DESTINATARIAS DO SERVIZO.

a) Para os efectos de este artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte de ela.

b) A capacidade económica das persoas usuarias do SAF calcularase en función á sua renda, e se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais as persoas conviventes económicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes:

c) A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

d) Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que disminúan o seu valor, e así como das débedas e obrigas persoais das que deba de responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

e) No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

f) A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación

de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

g) A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo

exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% aos menores de 35 anos.

h) Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

Artigo 25º- PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS DESTINATARIAS NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO.

1.-No caso de que a capacidade económica mensual da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao IPREM en vigor quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Para o resto dos supostos deberase respectar a seguinte escala:

a) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 100% e e inferior ou igual ao 150% do IPREM, asumirá o 10% do custo do servizo.

b) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 150% e inferior ou igual ao 200% do IPREM, asumirá o 12% do custo do servizo

c) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 200% e inferior ou igual ao 250% do IPREM, asumirá o 15% do custo do servizo

d) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 250% e inferior ou igual ao 300% do IPREM, asumirá o 20% do custo do servizo

e) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 300% e inferior ou igual ao 350% do IPREM, asumirá o 28% do custo do servizo

f) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 350% e inferior ou igual ao 400% do IPREM, asumirá o 37% do custo do servizo

g) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 400% e inferior ou igual ao 450% do IPREM, asumirá o 45% do custo do servizo

h) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 450% e inferior ou igual ao 500% do IPREM, asumirá o 60% do custo do servizo

i) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 500% do IPREM, asumirán o 65% do custo do servizo

3.- Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais nos casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

Artigo 26º- FORMA DE PAGAMENTO.

- A obriga do pagamento nace desde que se inicia a prestación do servizo.
- As liquidacións correspondentes practicaranse mensualmente nos primeiros quince

días do mes seguinte a prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria establecera para tal efecto.
- O departamento de servizos sociais remitirá á oficina de recadación municipal relación mensual dos usuarios, con especificación dos datos necesarios para a liquidación da taxa que corresponda.

CAPÍTULO VIII- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE QUEIXA NO LIBRO DE RECLAMACIÓNS

Artigo 27º - PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓNS
O libro de reclamacións estará a disposición dos usuarios nas dependencias da "Casa do Concello" destinadas aos servizos sociais.
Presentada a reclamación, entregaráselle unha copia ao usuario, outra para a entidade prestadora e outra remitirase ao Servizo de Inspección correspondente da Xunta de Galicia.
A avaliación da reclamación realizaraa o responsable superior da entidade prestadora, previas as actuacións e informes que estime procedentes.
De considerarse procedente, analizarase a necesidade de tomar medidas que solucionen o problema ao reclamante.
De non considerarse procedente, informarase ao reclamante da improcedencia, debidamente motivada.
En ambos os dous supostos, o órgano competente para resolver dará traslado da resolución que recaiga ao reclamante e ao Servizo de Inspección correspondente da Xunta de Galicia.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- Facúltase aos servizos sociais municipais, previo informe ao Concelleiro Delegado e/ou Alcaldía para resolver aquelas cuestións que relacionadas co SAF poidan presentarse, e que non estean recollidas expresamente no presente Regulamento.

Segunda.- Anualmente os servizos sociais municipais realizarán a revisión da situación económica dos usuarios, para os efectos de determinar as posibles variacións na porcentaxe de participación dos mesmos, no financiamento do servizo.
Deste extremo darase conta á Xunta de Goberno Local, quen a proposta da Alcaldía, determinará e actualizará, no seu caso, o prezo do servizo. O que será comunicado, xunto coa nova aportación que delo se derive, se é o caso, a cada usuario.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogado o Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Sarria, publicado no BOP de Lugo nº 245, de data 26 de octubre de 1998, modificado publicado no BOP de Lugo nº 109 , de data 13 de maio de 2008.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento surtirá efectos a partir da data da súa publicación íntegra no BOP e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derrogación.

2º.- Someter o expediente a información pública e dar audiencia ós interesados, por prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións y suxerencias.

3º.- O Pleno coñecerá as reclamacións que se presenten. As reclamacións presentadas, dentro do prazo, resolveranse por este órgano con carácter definitivo. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional elevarase automáticamente a definitivo.

4º.- O texto da ordenanza será publicado no BOP y non entrará en vigor ata que se publique completamente o texto e transcurra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA SOBRE A ACEPTACIÓN DOS TERREOS DO MORELLE, 1ª FASE.

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá lectura da proposta dictaminada pola Comisión Informativa sobre o escrito remitido polo SEPES, con data de entrada no rexistro do Concello de Sarria o 16 de xullo de 2009, onde se relacionan as cesións obrigatorias pendentes de aceptación polo Concello de Sarria, en relación o desenvolvemento do Polígono Industrial "Morelle 1ª Etapa" según o Plan Parcial do 16 de decembro de 1983, cando foron recibidas definitivamente as obras de urbanización con data de 17 de xullo de 2001 e aprobado o proxecto de parcelación con data 23 de xaneiro de 2002.

Aberta a deliberación, prodúcense as seguintes intervencións:

O Sr. Alcalde explica que a primeira fase executouse cun plan parcial o 16 de decembro de 1983, as obras foron realizadas definitivamente en 2001 e aprobouse o proxecto de reparcelación o 23 de xaneiro de 2002 quedando pendente de aceptación por parte do Concello de Sarria.

Finalizado o debate.

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención dos representantes do grupo municipal do Partido Popular.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista: O Alcalde, Sr. Garrido Martínez e Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. María do Carmen García Conde, Dna. Paula Vázquez Núñez, e do Grupo Mixto (BNG e PG), D. Pablo López Barrera e D. Xermán

Arias López, o Pleno do Concello, adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Proceder a aceptación das cesións obrigatorias pendentes en relación o desenvolvemento do Polígono Industrial "Morelle 1ª Fase", que se relacionan a continuación según se reflexan no escrito do SEPES:

"- ZONA VERDE 1: Parcela urbana en el territorio municipal de Sarria, parte del polígono industrial denominado "Morelle 1º Etapa", tiene una extensión superficial aproximada de 6.937,44 metros cuadrados sus lindero son, al Norte con camino que le separa del límite del polígono, al sur con parcela 5 al Este con parcela 6 en parte y con calle del polígono. Inscrita en el registro de la propiedad de Sarria, finca nº 20.312.
- ZONA VERDE 2: Parcela urbana en el término municipal de Sarria, parte del polígono industrial denominado "Morelle 1º Etapa", tiene una extensión superficial aproximada de 1.027,63 metros cuadrados sus linderos son, al Norte con parcela 22 y 23 al Sur con carretera al Este con camino que le separa de límite del polígono y Oeste con calle del polígono. Inscrita en el Registro de la Propiedad de Sarria, finca nº 20.313.
- ZONA VERDE 3: Parcela urbana en el término municipal de Sarria, parte del polígono industrial denominado "Morelle 1º Etapa", tiene una extensión superficial aproximada de 8.902,45 metros cuadrados sus linderos son, al Norte con parcela 1, sur con carretera, Este con calle del polígono y Oeste con límite del polígono. Inscrita en el Registro de la propiedad de Sarria, finca nº 20.314.
- VIARIO: Parcela urbana en el término municipal de Sarria, parte del polígono industrial denominado "Morelle 1º Etapa". Tiene una extensión superficial aproximada de 15.431,68 metros cuadrados que encierra en su interior la manzana central del polígono compuesto por las parcelas 24 a 41 y linda: Norte de Este a Oeste con parcela 12, parcela 11, 10, 9, 8, 7, 6 y parte de la zona verde 1, al Sur con parte de las 22 y 23, al Este con parte de la parcela 12, parcela 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21 y parte da la 22 y al Oeste con parte de la zona verde 3, parcela 1, 2, 3, 4, 5 y parte de la zona verde 1, este tramo del viario se prolonga hacia el sur llegando hasta la rotonda de la carretera que limita al polígono en su extremo Sur".

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA SOBRE A DETERMINACIÓN DE ORDENAMENTO.

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá lectura da proposta dictaminada pola Comisión Informativa sobre a solicitude de Dona María Isabel López López, na que pon de manifesto que sendo titular xunto co seu irmán das fincas en suelo urbano situadas na rúa Benigno Quiroga nº 77 e Celso Emilio Ferreiro s/n e estando ambas fincas afectadas pola ordenanza Residencial Mixta nas NSPM vixentes en Sarria e estando ademais a edificación en dita rúa e zona consolidada en Residencial Cerrada, e que por outra parte, as alineacións e rasantes na rúa Benigno Quiroga e Celso Emilio Ferreiro, están perfectamente definidas e as dúas fincas teñen un frente superior a 6,00 metros a liña de alineación da rúa. Solicita a calificación de Residencial Cerrada desas dúas fincas.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal onde informa que tendo en conta as características dos terreos, así como as edificacións existentes dentro da mesma, manifesta establecer a modalidade de Ordeación Residencial Cerrada, por estar xa consolidada pola edificación.

Aberta a deliberación, non se produciron intervencións.

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención dos representantes do grupo municipal do Partido Popular.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista: O Alcalde, Sr. Garrido Martínez e Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. María do Carmen García Conde, Dna. Paula Vázquez Núñez, e do Grupo Mixto (BNG e PG), D. Pablo López Barrera e D. Xermán Arias López, o Pleno do Concello, adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Aplicar as fincas mencionadas anteriormente a calificación de Ordeación Residencial Cerrada.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar ao turno de rogos e preguntas o Alcalde propón someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia o seguinte asunto, **CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA RESIDENCIA DE ANCIÁNS "NOSA SRA. DO CARME"**, non comprendido na orde do día.

O Alcalde explica o asunto e os motivo da urxencia.

Conforme ós artigos 83, 91 e 97.3 do ROF declárase por maioría absoluta, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista: O Alcalde, Sr. Garrido Martínez e Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. María do Carmen García Conde, Dna. Paula Vázquez Núñez, e do Grupo Mixto (BNG e PG), D. Pablo López Barrera, D. Xermán Arias López, someter á consideración do pleno o mencionado asunto, por apreciarse a urxencia necesaria.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A RESIDENCIA DE ANCIÁNS "NOSA SRA. DO CARME"

Visto o escrito presentado polo Organismo Autónomo Residencia de Anciáns "Nosa Sra. do Carme" a medio do que solicita que por este Concello se conceda subvención para atender gastos do mantemento da Residencia de Anciáns; e

RESULTANDO que na petición formulada concorren razóns extraordinarias de interese público que non permiten ou fan non convinte a aplicación dos principios de

publicidade e concorrencia, pois non existe outro organismo desta natureza neste Concello.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista: O Alcalde, Sr. Garrido Martínez e Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. María do Carmen García Conde, Dna. Paula Vázquez Núñez, e do Grupo Mixto (BNG e PG), D. Pablo López Barrera e D. Xermán Arias López, o Pleno do Concello, adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Conceder subvención nominativa á Residencia de Anciáns "Nosa Señora do Carme" por importe de 30.000,00 euros para atender gastos de mantemento, nas seguintes condicións:

Obxectivo e finalidade: Mantemento da Residencia de Anciáns
Orzamento da actividade: 658.433,15 €
Importe da aportación municipal total: 30.000,00 €.
Importe da subvención solitada: 30.000,00 €.
Forma e prazo de xustificación documental e consecuencias do seu incumprimento: Xustificación mediante facturas ou nóminas , orixinais ou copias compulsadas.
Prazo de xustificación: Dase por xustificada á vista da documentación.
Tramitación do procedemento de reintegro das cantidades non xustificadas previsto pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, para as subvencións non nominativas
Forma de pago: Postpagable.
Vixencia temporal: Exercicio 2009.

CONTROL E SEGUEMENTO DA XESTIÓN POLO PLENO:

- COMUNICACIÓNS

Non se realizan comunicacións.

- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Dase conta dos Decretos da Alcaldía, correspondentes ós meses de xaneiro, febreiro e marzo do 2009. A Corporación, por unanimidade, acorda darse por enterada.

DAR CONTA DOS DECRETOS 393/09 E 436/09

DAR CONTA DO DECRETO 393/09

O Secretario dá conta do Decreto do Sr. Alcalde nº 393/09, de data 26 de xuño de 2009, en relación co proxecto de **"III XORNADAS XURÍDICAS SOBRE DEREITO DE FAMILIA E VIOLENCIA DE XÉNERO".**

DECRETO DO SR. ALCALDE NÚM. 393/2009

Claudio M. Garrido Martínez, alcalde do Concello de Sarria, na provincia de Lugo

Visto o contido da Resolución do 5 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas dirixidas a entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas experimentais e innovadores en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, que se publicou no DOG do 10 de xuño de 2009, **VEÑO EN ACORDAR:**

1. Formular a solicitude de subvención que se presenta dende o Centro de Información á Muller para realizar a actividade "III Xornadas xurídicas sobre dereito de familia e violencia de xénero", nos termos que se refire na memoria do expediente da súa razón, e ao abeiro do sinalado nos apartados a) e b) do artigo 4º.2,como áreas prioritarias:

a) Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación entre os distintos ámbitos políticos e profesionais de cara á eficaz prevención, detección e intervención na loita contra a violencia de xénero.

b) Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade.

Esta entidade local quere continuar, deste xeito, a traballar no seu compromiso firme de impulsar accións e medidas de diversa natureza, que afonden en novos modelos e/ou metodoloxías de intervención no ámbito da violencia contra as mulleres e que representen algún valor engadido respecto das prácticas habituais, de conformidade cas directrices que se estableceron no I Plan Municipal de Oportunidades entre Homes e Mulleres do Concello de Sarria 2007-2010.

2.Aceptar as condicións e demais requisitos recollidos na devandita resolución.

3. Dar conta da adopción da presente resolución na vindeira sesión á Xunta de Goberno Local desta entidade

Así o mandou e asina o alcalde, do que certifico en Sarria, a 26 de xuño de 2009

A Corporación, por unanimidade, acorda darse por enterada.

DAR CONTA DO DECRETO 436/09

O Secretario dá conta do Decreto do Sr. Alcalde nº 436/09, de data 08 de xullo de 2009, en relación co proxecto de **"MANTEMENTO E FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONELLO DE SARRIA".**

DECRETO DO SR. ALCALDE NÚM. 436/2009

Claudio M. Garrido Martínez, alcalde do Concello de Sarria, na provincia de Lugo

Visto o contido da Resolución do 23 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o mantemento e funcionamento de centros de información ás mulleres, que se publicou no DOG núm. 126 do 30 de xuño de 2009, **VEÑO EN ACORDAR:**

1 Formular a solicitude de subvención que se presenta dende este servizo polo importe que se establece como tope máximo, 40.000 euros, como entidade local titular dun centro acreditado ao abeiro do disposto no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres.

2 A suma, no seu caso, se destinará xunto ca achega do concello que se determina na memoria

do expediente, artigo 9º 1g), ao mantemento dos gastos correntes, gastos de persoal; e outros gastos do programa que resulten indispensables para o funcionamento do centro e susceptibles de seren cualificados como gastos elixibles, conforme a normativa reguladora desta subvención

3 O Concello de Sarria quere continuar, deste xeito, a traballar en prol da consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación entre os distintos ámbitos políticoa dministrativos de cara á eficaz prevención, detección e intervención na loita contra a violencia de xénero na área de influencia comarcal que abarca.

4 Aceptar as condicións e demais requisitos recollidos na devandita resolución.

5 Dar conta da adopción da presente resolución na vindeira sesión á Xunta de Goberno Localdesta entidade.

Así o mandou e asina o alcalde, do que certifico en Sarria, a 7 de xullo de 2009

A Corporación, por unanimidade, acorda darse por enterada.

- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, sendo as 22:47 horas, de que eu Secretario, certifico.

O Alcalde, O Secretario,